

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

ORDE do 16 de decembro de 2022 pola que se anuncia a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2022/23 (código de procedemento PL500A).

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, en desenvolvemento das previsións dos artigos 3.2 e 148.1.17 da Constitución española e mais do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, establece a obriga dos poderes públicos de garantiren o uso normal do galego e do castelán (artigo 2), así como que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos (artigo 12).

Así mesmo, o artigo 14 da citada lei establece expresamente que a lingua galega é materia de estudo obrigado en todos os niveis educativos non universitarios e que se garantirá o uso efectivo deste dereito en todos os centros públicos e privados. No parágrafo 3 do mesmo artigo encoméndaselles ás autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantir que, ao remate dos ciclos educativos en que o ensino do galego é obrigatorio, o alumnado coñeza esta lingua, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

Nesta mesma liña tamén se pronuncian a Carta europea das linguas rexionais e minoritarias de 1992 (ratificada polo Goberno español en 2001), o Plan xeral de normalización da lingua galega (aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004) e a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Deste obxectivo nace a necesidade de adoptar un conxunto de medidas de dinamización dirixidas á promoción da lingua galega nos centros educativos.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia sinala a necesidade de afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino. Pretende reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos e facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, afastado de usos sexistas e respectuoso coa situación sociolingüística en que se enmarca cada centro. Con este obxectivo, a consellería competente na materia establecerá un



programa de actividades de fomento da lingua en cada centro educativo, no marco do seu proxecto lingüístico e coa participación de toda a comunidade educativa, con especial atención ás liñas de actuación que permitan un incremento do uso do galego nas actividades extraescolares e complementarias.

O dito decreto regula, no artigo 15, a constitución dun equipo de Dinamización da Lingua Galega para potenciar o seu uso nos centros educativos sostidos con fondos públicos, así como a súa coordinación a través das respectivas comisións que se constituirán en cada xefatura territorial. Estes equipos terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos e contarán co apoio técnico necesario. Ademais, os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.

Polo tanto, e co fin de valorar e apoiar o labor dos equipos de Dinamización da Lingua Galega dos centros de ensino, considérase necesario, ao igual ca en exercicios anteriores, convocar axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego. A achega económica que se lle asigne a cada proxecto determinarase segundo os criterios establecidos na convocatoria.

Neste caso, segundo o establecido no artigo 2.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as achegas económicas que se lles asignen aos proxectos con motivo desta convocatoria non terán carácter de subvención, ao tratarse de achegas monetarias a favor de entidades (os centros públicos de ensino) dependentes da Administración autonómica, destinadas a financiar actividades da súa competencia e impostas por unha norma emanada da propia Administración outorgante.

En consecuencia, e en virtude das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Anunciar a convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros públicos de ensino de Galicia para o curso escolar 2022/23 segundo as seguintes bases:

1. Obxecto.

A presentación e a realización de proxectos de fomento do uso do galego dos centros públicos de ensino de Galicia dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Forma-



ción Profesional e Universidades, promovidos polos equipos de Dinamización da Lingua Galega ou polo profesorado responsable do proxecto naqueles centros de ensino que contan con menos de seis unidades, durante o curso escolar 2022/23 (código de procedemento PL500A), e o establecemento de axudas que apoien o seu financiamento.

As axudas reguladas nesta orde concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

2. Persoas destinatarias.

Os centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensino regrado de nivel non universitario.

3. Requisitos.

3.1. Os proxectos e as actividades que se desenvolvan ao abeiro desta convocatoria deberanse presentar e realizar de acordo coa vixente normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego, fixada pola Real Academia Galega o 12 de xullo de 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo). Así mesmo, respectarán a toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 desta lei.

3.2. Para cumprir coa obriga da axeitada publicidade que impón o artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os centros que reciban axudas para elaborar os proxectos de fomento do uso do galego ao abeiro desta convocatoria están obrigados a integrar o logotipo oficial dos equipos de Dinamización da Lingua Galega tanto nos seus espazos web como nos documentos que difundan as actividades destes equipos. Para poder facelo, a coordinación territorial dos equipos de Dinamización da Lingua Galega remitiralles aos centros o correspondente arquivo. Da mesma forma, a páxina web do centro deberá incluír, entre a información das súas instalacións, imaxes e unha descrición mínima do equipo de Dinamización da Lingua Galega, así como dos seus principais recursos e servizos á comunidade educativa.

4. Dotación orzamentaria.

O crédito para o financiamento dos proxectos de fomento do uso do galego dos centros públicos de ensino ascende á cantidade de 350.000 euros, sen prexuízo de posteriores va-



riacións que se poidan producir como consecuencia de modificacións orzamentarias. Este crédito financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 10.02.151A.640.4 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

En todo caso, o gasto proxectado queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 e ao disposto na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001.

5. Presentación de solicitudes e prazo.

5.1. Os centros de ensino público de Galicia que desexen acollerse aos beneficios desta convocatoria deberán formalizar a súa solicitude no modelo normalizado que se publica como anexo I desta orde.

5.2. As solicitudes, debidamente asinadas polo director ou directora do centro como representante legal deste, dirixiranse á xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da provincia que corresponda.

5.3. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

5.4. O prazo de presentación das solicitudes e da documentación sinalada na base sexta será dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.



6. Documentación complementaria.

6.1. Os centros interesados deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Copia do proxecto asinado pola persoa coordinadora do Equipo de Dinamización, co visto e prace do director ou directora do centro. O proxecto deberá analizar a realidade concreta do centro e, a partir dela, establecer os obxectivos e deseñar as actividades que permitan modificar a situación de partida. Desenvolverá os seguintes puntos:

1º. Breve estudo sociolingüístico actualizado en que se tocarán os puntos que se indican a seguir:

– A contorna sociolingüística do centro.

– A situación do profesorado.

– A situación do alumnado.

– A situación lingüística do centro.

2º. Descrición dos obxectivos adecuados a cada un dos catro puntos anteriores.

3º. Descrición detallada das actividades de dinamización lingüística para cada un dos obxectivos propostos.

b) Cadro resumo das actividades asinado polo director ou directora do centro. No cadro teñen que constar de forma resumida a temporización, o nome da actividade, a persoa ou persoas responsables e o departamento ou departamentos correspondentes, os destinatarios e destinatarias, así como o orzamento previsto e o material necesario para a realización das actividades. O modelo deste cadro resumo figura no anexo II desta orde.

6.2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.



As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

6.3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

6.4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

7. Procedemento.

Unha vez que remate o prazo de presentación de solicitudes, os gabinetes provinciais de normalización lingüística revisarán as solicitudes recibidas e a documentación achegada. No caso de que as solicitudes estean incompletas, de que conteñan erros ou de que non se achegue toda a documentación acreditativa dos requisitos exixidos nesta convocatoria, requiriranse as persoas solicitantes para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou presenten os documentos preceptivos, coa indicación de que, de non o faceren, se considerará que desisten da súa petición e archivarase o seu expediente na forma e nos termos indicados no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e consonte o artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, os requirimentos faranse mediante a súa publicación na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>).

8. Análise e cualificación dos proxectos.

Comisións de cualificación.

Unha vez que se completen os expedientes administrativos, cualificaranse os proxectos que resulten admitidos por seren presentados no tempo e na forma que correspondan. Con este fin, constituirase en cada gabinete provincial unha comisión provincial de cualifi-



cación que puntuará os proxectos e, así mesmo, na Secretaría Xeral de Política Lingüística constituirase a Comisión Central de Cualificación, que homoxeneizará a aplicación dos criterios de valoración e elaborará un informe que se lle trasladará ao órgano instrutor para que formule a proposta de resolución das axudas. Tanto as comisións provinciais como a Comisión Central de Cualificación deberán adaptar o seu funcionamento ao previsto nesta convocatoria e, supletoriamente, aos preceptos contidos na sección terceira do capítulo II, título preliminar, artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na sección terceira do capítulo I, título I, da Lei 16/2012, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

a) Comisións provinciais de cualificación. Co fin de cualificar os proxectos admitidos, constituirase en cada gabinete provincial de normalización lingüística unha comisión provincial de cualificación, que estará integrada por:

Presidencia:

– O xefe ou xefa do gabinete provincial de normalización lingüística.

Vogais:

– O coordinador ou coordinadora provincial dos equipos de Dinamización da Lingua Galega.

– Un ou unha representante da Inspección Educativa, que será designado/a polo xefe ou xefa territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

– Unha persoa especialista en planificación lingüística, designada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Cando o número de proxectos o aconselle, poderán designarse ata tres especialistas máis por comisión.

– Un profesor ou profesora con experiencia nos equipos de Dinamización da Lingua Galega, designado/a pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Secretaría:

Desenvolverá estas funcións un funcionario ou funcionaria do gabinete ou xefatura territorial, que será designado/a polo xefe ou xefa territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.



No seo das comisións provinciais, poderanse constituír unha ou varias comisións técnicas para facilitar a análise polo miúdo dos proxectos.

b) Comisión Central de Cualificación. Na Secretaría Xeral de Política Lingüística constituirase a Comisión Central de Cualificación, integrada polos membros que a seguir se relacionan, coa finalidade de homoxeneizar a aplicación dos criterios de valoración con anterioridade ao inicio das sesións das comisións provinciais, así como de elaborar o informe que se lle trasladará ao órgano instructor para que este formule a proposta de resolución das axudas.

– Presidencia: o subdirector ou subdirectora xeral de Política Lingüística.

– Vogais: os xefes e xefas dos gabinetes provinciais de normalización lingüística.

– Secretaría: un funcionario ou funcionaria da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeado/a polo secretario xeral de Política Lingüística.

Á reunión que a comisión central realice para homoxeneizar a aplicación dos criterios de valoración asistirá tamén o coordinador ou coordinadora de cada comisión provincial, co fin de valorar en común cinco proxectos das distintas provincias elixidos ao chou.

9. Criterios para a cualificación dos proxectos.

Para a concesión de incentivos de apoio ao financiamento dos proxectos de fomento do uso do galego, as comisións terán en conta fundamentalmente a calidade do proxecto e ponderarase o número de estudantes do centro.

9.1. A calidade do proxecto terá un peso do 80 %. Quedarán desestimadas aquelas solicitudes que non reúnan un mínimo de 6 puntos nesta epígrafe. A porcentaxe do 80 %, correspondente á calidade, será puntuada de 0 a 24 puntos. As variables que se avaliarán coas respectivas puntuacións, repartidas de xeito proporcional, serán as seguintes:

a) Grao de implicación activa dos membros da comunidade no proxecto (pais/nais, profesorado dos distintos departamentos, alumnado dos distintos ciclos, etapas e niveis, así como persoal de administración e servizos): de 0 a 4 puntos. Esta puntuación distribúese proporcionalmente en función do número de membros da comunidade que participen no proxecto.

– Profesorado dos distintos departamentos, alumnado dos distintos ciclos, etapas e niveis, así como persoal de administración e servizos: ata 3 puntos.



– Pais/nais e outros axentes da comunidade educativa: ata 4 puntos.

b) Nivel de utilización das novas tecnoloxías: de 0 a 4 puntos.

– Creación de páxinas web e de blogs, intercambio de mensaxes en rede entre as persoas coordinadoras dos equipos de Dinamización da Lingua Galega ou, de non haber equipo, da persoa coordinadora desta materia: ata 1 punto, que se repartirá proporcionalmente en función do número de ferramentas tecnolóxicas empregadas.

– Actualización de páxinas web, de blogs e de contas en redes sociais (Facebook, Twitter...), realización de videoconferencias, intercambio de mensaxes de correo entre o alumnado: ata 2 puntos, que se repartirán proporcionalmente en función do número de ferramentas tecnolóxicas.

– Traballo con códigos QR, realidade aumentada, aplicacións para móbiles, ordenadores ou tabletas, radio ou TV con emisión de maneira puntual, revista dixital e obradoiros relacionados coas novas tecnoloxías...: ata 3 puntos, que se repartirán proporcionalmente en función do número de ferramentas tecnolóxicas.

– Audiovisuais (curtas, documentais...), radio diaria ou semanal na aula, TV, robótica, gamificación...: ata 4 puntos, que se repartirán proporcionalmente en función do número de ferramentas tecnolóxicas.

c) Grao de colaboración con outras institucións, entidades ou asociacións externas ao centro, co obxectivo de potenciar o uso da lingua galega fóra do centro: de 0 a 4 puntos.

– Colaborar cunha institución, entidade ou asociación, asistindo ás actividades que organiza: ata 2 puntos, ponderados proporcionalmente ao número de actividades.

– Colaborar cunha ou varias institucións, entidades ou asociacións, de maneira que sexa o centro o que organice de xeito puntual as actividades: ata 3 puntos, ponderados proporcionalmente ao número de actividades.

– Colaborar de xeito permanente –é dicir, ao longo do curso escolar– cunha ou varias institucións, entidades ou asociacións, na organización de actividades: ata 4 puntos, ponderados proporcionalmente.



d) Grao de colaboración con outros centros educativos no deseño da planificación lingüística e/ou na realización de actividades dinamizadoras: de 0 a 4 puntos.

– Colaborar na realización de actividades habituais entre centros da mesma localidade, cos mesmos ou similares niveis educativos: ata 1 punto, ponderado proporcionalmente.

– Colaborar na realización de actividades habituais entre centros da mesma localidade ou de localidades próximas, con diferentes niveis educativos, ou na realización de actividades excepcionais (xornada de portas abertas...), sen ter en conta o ámbito xeográfico: ata 2 puntos, ponderados proporcionalmente.

– Colaborar na realización de ata tres actividades con outros centros da comarca ou de comarcas próximas: ata 3 puntos, ponderados proporcionalmente.

– Colaborar na realización de máis de tres actividades con centros de ámbitos xeográficos distintos ou realizar unha iniciativa con carácter anual (ao longo de todo o curso escolar): ata 4 puntos, ponderados proporcionalmente.

e) Realización de actividades plurianuais: de 0 a 4 puntos, ponderados proporcionalmente.

f) Tipoloxía de actividades organizadas ao longo do curso: de 0 a 4 puntos.

Esta tipoloxía de actividades abrangue celebracións e festas tradicionais, promoción da lingua oral, promoción da lingua escrita, tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), dinamización do centro, dinamización da contorna, intercambios e posta en valor da lingua mediante a cultura e a etnografía.

Establécese a puntuación do seguinte xeito:

Ata dous tipos de actividades: 1 punto.

De tres a catro tipos de actividades: 2 puntos.

De cinco a seis tipos de actividades: 3 puntos.

Máis de seis tipos de actividades: 4 puntos.



9.2. O número de estudantes terá un peso do 20 %. A cada centro concederánselle 0,30 puntos por cada 50 estudantes ou fracción, ata un máximo de 6 puntos.

10. Contías máximas por proxecto.

a) O financiamento máximo que poderán recibir os centros cunha matrícula superior a 35 alumnos e alumnas é de 1.000 euros.

b) O financiamento máximo que poderán recibir os centros cunha matrícula comprendida entre 20 e 35 alumnos e alumnas é de 375 euros.

c) O financiamento máximo que poderán recibir os centros cunha matrícula inferior a 20 alumnos e alumnas é de 220 euros.

11. Criterios para a repartición das axudas concedidas.

Unha vez que as comisións provinciais avalíen e fixen a puntuación que ten cada proxecto, establécense os seguintes criterios para a repartición das axudas:

11.1. Distribuiranse 340.000 euros da seguinte maneira: fíxase un valor económico por cada punto obtido nos proxectos e a multiplicación dese valor polo total dos puntos acadados por cada proxecto dará como resultado a contía económica da axuda que recibirá cada un.

11.2. A maiores, distribuiranse 10.000 euros entre os proxectos dos centros que acaden 22 ou máis puntos na epígrafe 9.1 (calidade do proxecto). Ningún centro poderá recibir máis de 325 euros nesta distribución.

En caso de que non se reparta a totalidade desta contía, o remanente sumaráselle á cantidade prevista no punto anterior.

11.3. En todo caso, ningún proxecto poderá recibir unha axuda que exceda as máximas establecidas na epígrafe 10, nin o custo total do proxecto.

11.4. Tanto o establecemento do valor económico por cada punto obtido (11.1) como a distribución da cantidade prevista na epígrafe 11.2 serán fixados pola Comisión Central de Cualificación.



12. Proposta de resolución.

Unha vez rematadas as sesións das comisións de cualificación, a comisión central elaborará un informe que lle trasladará ao órgano instrutor para que este formule a proposta provisional de resolución, a cal incluirá unha listaxe por provincias que indique a puntuación outorgada a cada proxecto, así como o financiamento asignado a cada centro, de acordo cos criterios sinalados na base anterior.

Esta proposta provisional farase pública na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>). Nela expresarase a contía proposta para cada proxecto admitido, así como as causas que determinaron a exclusión das restantes solicitudes. Os centros interesados disporán de dez días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da data de publicación da proposta provisional, para formular as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta ante a xefatura do gabinete de normalización lingüística da provincia que corresponda, nos lugares e na forma indicados na base quinta da convocatoria. En todo caso, os centros que presenten alegacións enviaranlle un correo electrónico ao gabinete de normalización lingüística da súa provincia, no que indicarán o día en que presentaron a alegación e o motivo desta.

13. Resolución.

Unha vez revisadas as reclamacións, o órgano instrutor trasladaralle a súa proposta definitiva ao órgano resolutorio. A resolución incluirá, por provincias, a relación de centros admitidos, coa indicación da puntuación concedida e do financiamento definitivo asignado a cada proxecto, así como a relación de centros excluídos, coa indicación das causas que determinaron a súa exclusión.

A resolución definitiva publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web <http://www.lingua.gal>, polo que se entenderán notificados para todos os efectos os centros de ensino interesados.

As solicitudes entenderanse desestimadas se non se dita unha resolución expresa no prazo de catro meses, que se contarán a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

14. Pagamento.

As cantidades asignadas a cada centro mediante esta convocatoria transferiránelles aos centros nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico



de 2023, e poderá efectuarse a partir da resolución de adxudicación da convocatoria. Os centros docentes públicos deben incorporar ao seu orzamento as cantidades entregadas e xestionaranas de acordo cos criterios previstos no Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios (DOG núm. 67, do 4 de abril).

Os centros deben destinar a totalidade do financiamento obtido nesta convocatoria á finalidade concreta para a que foi concedido, de acordo co proxecto que achegaron, e será entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2023 cando se efectúe o gasto e o pagamento das actividades realizadas.

15. Xustificación do gasto.

15.1. A data límite para presentar a xustificación dos gastos correspondentes aos centros que obtiveron financiamento mediante esta convocatoria para o curso 2022/23 é o 30 de xuño de 2023. Deberá presentarse ante os gabinetes provinciais de normalización lingüística da mesma forma que a sinalada no punto 5 desta orde.

A xustificación incluíra a seguinte documentación:

a) Certificación xustificativa do gasto, segundo o modelo que figura como anexo III, asinada polo secretario ou secretaria do centro educativo, na que certifique que a dotación económica foi utilizada para o destino concreto para o que foi concedida, de acordo co previsto no artigo 15.4 do Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios. Os xustificantes orixinais quedarán en poder dos centros á disposición dos órganos de control económico da Administración competente.

b) Relación numerada das actividades desenvolvidas no proxecto, co importe do gasto asociado e o material empregado, segundo o modelo do anexo IV desta orde.

c) Memoria descritiva e gráfica asinada pola persoa coordinadora do equipo de Dinamización da Lingua Galega, co visto e prace do director ou directora do centro. Nela aparecerán todas as actividades realizadas, detallaranse aquelas para as que se concedeu a asignación económica e relacionarase cada gasto no que se incorreu coa actividade do proxecto á cal vai imputado.



Esta memoria deberá dar conta dos cambios realizados con respecto á programación inicial e nela avaliarase, ademais, a consecución ou non dos obxectivos previstos e propoñanse actuacións de mellora para vindeiros proxectos.

d) Poderase pedir calquera outra documentación complementaria que se considere necesaria para a xustificación.

15.2. Non entregar a memoria e/ou a certificación xustificativa do gasto no prazo sinalado poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas. Da mesma forma, o incumprimento total ou parcial dos proxectos ou das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión poderá dar lugar á anulación ou á modificación da contía do importe concedido.

16. Seguimento e avaliación da realización dos proxectos.

O seguimento e a avaliación da realización dos proxectos de fomento da lingua galega que presenten os equipos serán realizados polos coordinadores e coordinadoras provinciais dos equipos de Dinamización da Lingua Galega sobre a base das memorias de xustificación.

17. Notificacións.

17.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

17.2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

17.3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entida-



des instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

17.4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

17.5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

18. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

19. Transparencia e bo goberno.

19.1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

19.2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

20. Réxime de recursos.

Esta orde poderá ser impugnada mediante o recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do



procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante a interposición dun recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición adicional única. *Comunicación á Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitírase a información necesaria á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística para que adopte todos os actos e medidas necesarios para a execución e desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2022

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades





PROCEDIMENTO AXUDAS PARA OS PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO DOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA DE GALICIA QUE IMPARTEN ENSINANZAS REGRADAS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS	CÓDIGO DE PROCEDIMENTO PL500A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE								
CENTRO EDUCATIVO							NIF	
<input type="text"/>							<input type="text"/>	
TIPO	NOME DA VÍA				NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>				<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR				
<input type="text"/>				<input type="text"/>				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO			LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO						
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>						

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:
Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
<input type="checkbox"/> Anexo II (cadro resumo das actividades)
<input type="checkbox"/> Copia do proxecto asinado pola persoa coordinadora do equipo de dinamización, co visto e prace do director ou directora do centro

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos




**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**ANEXO I**
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 16 de decembro de 2022 pola que se anuncia a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2022/23 (código de procedemento PL500A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de  **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: s7eoia14-gnz9-4390-qwi7-zeujid24yjml7

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ANEXO II
CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE		
CENTRO EDUCATIVO	NIF	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
NÚMERO DE UNIDADES	NÚMERO DE ALUMNOS/AS CURSO 2022/23	CÓDIGO DO CENTRO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA PERSOA COORDINADORA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

SOLICITA

Axuda económica para levar a cabo as actividades que se mencionan no proxecto que se achega a esta solicitude, e acóllese ao disposto na Orde pola que se anuncia a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2022/23.


CANTIDADE SOLICITADA

CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES					
TEMPORIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE (incluídas as que non teñen un custo económico)	RESPONSABLE/S E DEPARTAMENTO/S CORRESPONDENTE/S	PERSOAS DESTINATARIAS	ORZAMENTO	MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de


 Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> Formas previstas na súa norma reguladora

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**CERTIFICACIÓN XUSTIFICATIVA DO GASTO**PL500A - AXUDAS PARA OS PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO DOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA DE GALICIA QUE IMPARTEN
ENSINANZAS REGRADAS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

CENTRO EDUCATIVO

NIF

DATOS DA PERSOA SECRETARIA DO CENTRO EDUCATIVO

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

CERTIFICA

1. Que o libramento de fondos efectuado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia para o proxecto de fomento do uso do galego presentado polo centro, por unha contía de euros, foi destinado na súa totalidade para os fins para os cales foi concedido.
2. Que as facturas e xustificantes de pagamento orixinais imputables ás actividades obxecto do proxecto quedan arquivados no centro a disposición dos órganos de seguimento.

SINATURA DA PERSOA SECRETARIA DO CENTRO EDUCATIVO

Lugar e data

,

de

de

 Xacobeo 21-22Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de 

**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ANEXO IV

CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES PARA A XUSTIFICACIÓNPL500A - AXUDAS PARA OS PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO DOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA DE GALICIA QUE IMPARTEN
ENSINANZAS REGRADAS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

CENTRO EDUCATIVO

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES

TEMPORIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE (incluídas as que non teñen un custo económico)	IMPORTE DO GASTO	MATERIAL EMPREGADO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Xacobeo 21-22

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de **XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>